

## Cursos de lingua galega preparatorios das probas para obter os certificados de lingua galega Celga 1, Celga 2, Celga 3 e Celga 4

A Consellería de Cultura e Turismo vén de convocar no Diario Oficial de Galicia (DOG) do 29 de xaneiro de 2020, **cursos de lingua galega preparatorios das probas para obter os certificados de lingua galega Celga 1, Celga 2, Celga 3 e Celga 4.**

Poderán solicitálos **persoas maiores de 16 anos ou aquelas que os cumpran no ano natural da convocatoria.**

Hai dúas modalidades:

- **Cursos presenciais: Celga 2, Celga 3 e Celga 4**
  - **Cursos en teleformación: Celga 1, Celga 2, Celga 3 e Celga 4.** (Consultar no DOG os requisitos técnicos de equipamento informático)
- Para solicitar os cursos Celga 2, Celga 3 ou Celga 4 de teleformación será requisito indispensable o seguinte:
- Se se solicita un curso destinado á poboación que reside en Galicia, a persoa deberá estar empadroadada nalgún dos concellos da provincia galega correspondente.
  - Se se solicita un curso destinado ao resto da poboación, a persoa deberá estar empadroadada fóra de Galicia.

**Prazo: 15 días**, que se contarán a partir do día seguinte ao da publicación da resolución no DOG. Se o último día do prazo é inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte.

Para ver **datas, lugares e horarios dos cursos presenciais consultar anexo II** da resolución do DOG no enlace que se sinala máis abaixo.

**Só se poderá presentar unha única solicitude e solicitar un único curso por persoa, aínda que sexan de modalidades distintas.** De existir máis dunha solicitude da mesma persoa ou de solicitar esta máis dun curso, anularanse todas as súas peticións.

**A realización do curso non dará dereito a ningún tipo de certificación**, por tratarse dun curso preparatorio para as probas conducentes á obtención dos certificados de lingua galega (Celga).

### ENLACE Á RESOLUCIÓN DO DOG:

[https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2020/20200129/AnuncioG0535-170120-0001\\_gl.pdf](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2020/20200129/AnuncioG0535-170120-0001_gl.pdf)

### Corrección erros

[https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2020/20200130/AnuncioG0535-290120-1\\_gl.pdf](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2020/20200130/AnuncioG0535-290120-1_gl.pdf)

### MÁIS INFORMACIÓN:

<http://www.lingua.gal>

OU CONTACTAR COA **ORIENTADORA LABORAL**

**CASA DE PEDRA 981737004 / 653260746**

[margarita.seijas@camarinas.net](mailto:margarita.seijas@camarinas.net)

**LUNS A VENRES: 8:00 – 15:00**